


CEIP PLURILINGÜE
CEIP PLURILINGÜE

CURROS ENRÍQUEZ
CURROS ENRÍQUEZ

CELANOVA
CELANOVA



Equipos de Dinamización da Lingua Galega

MEMORIA DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA. CURSO 2020-2021

ACTIVIDADES DE FOMENTO DO USO DO GALEGO.


Un ano máis dende o equipo de Dinamización Lingüística, sempre en coordinación cos equipos de Biblioteca e Actividades Complementarias, propuxemos, recomendamos, orientamos e asesoramos sobre a posta en marcha das seguintes actividades, distribuídas por trimestres, tendo en conta a situación sanitaria na que nos atopabamos e respectando os protocolos.

1º TRIMESTRE

SAMAÍN

Para celebrar esta festa de orixe celta levamos a cabo as seguintes actividades:

No blog da nosa biblioteca (bibliocurros) colgáronse varios recursos sobre esta celebración, entre eles una curta onde se nos explica a orixe desta festividade (feita polo alumnado do colexio e recuperado de cursos anteriores) e un vídeo con poesías de medo feito polos nenos e nenas de sexto curso.



Ese día tamén o alumnado veu disfrazado da súa casa e tamén se decoraron os patios para crear un ambiente de medo.



🇬🇧 O MAGOSTO

O día 11 de novembro celebramos a festa do magosto no Curros con castañas e bolos preñados, mantendo a distancia e respetando os grupos burbulla.



🇬🇧 NOVEMBRO, MES DA CIENCIA EN GALEGO.

O mes de novembro foi o mes da ciencia e dende a biblioteca mandouse unha carta a todos os nenos e nenas para realizar un experimento chulísimo.

Nas clases falouse do método científico e da capilaridade, propiedade dos líquidos que aprendemos co experimento ao que lle puxemos de nome: "O baile das cores".

O resultado da actividade está colgado na nosa canle de Youtube.

2º TRIMESTRE

NOVO PROGRAMA DE RADIO CURROS.

Seguindo os protocolos de seguridade, Radio Curros comezou a súa andaina coa gravación dun programa adicado a Elmer, o elefante de cores.

O alumnado voluntario de biblioteca fixo a gravación do conto **Elmer** de David Mckee para que todo o colexio o escoitara o día no que conmemoramos a Paz.



DÍA DA PAZ

Días antes da celebración do Día da Paz nas aulas estivemos traballando o conto do elefante Elmer, conto que nos transmite valores positivos tan importantes como a solidariedade, o respecto, a amizade e a celebración das diferenzas.

Todos xuntos fomos creando os nosos Elmer e elaboramos o mural “Latexando xuntos”.

Tamén escoitamos por megafonía o programa de radio gravado previamente.



🚩 ENTROIDO

Este curso decidimos que o mellor disfrace para celebrar o entroido era o de súper heroe e súper heroína, porque iso é precisamente o que foron os nosos nenos e nenas este ano.



🚩 8 DE MARZO

Para celebrar este día decoramos o patio con carteis en homenaxe ás “mulleres Bravas”, entre elas Rosalía de Castro, Frida Khalo,...

Os máis pequenos debuxáronse coa “súa muller brava” preferida: Súa nai, súa avoa, súa tía,...


Nesta actividade colaborou a ANPA do colexio, facéndolle un agasallo a cada grupo: un conto.



🚩 RADIO CURROS

Programa realizado polo alumnado de 4º, 5º e 6º de primaria do CEIP Plurilingüe Curros Enríquez de Celanova (Ourense) co gallo da conmemoración do nacemento da poeta máis famosa de Galicia: Rosalía de Castro.

Este programa incluíuse dentro do Proxecto "Radio na Biblio" no que está participando o centro.



🚩 DÍA DE ROSALÍA

Nas aulas estivemos traballando a esta xenial escritora: biografía, obras, curiosidades...

Como actividade conxunta propuxemos facer un corredor, decorado con imaxes, poesías e curiosidades, na pasarela cuberta do patio de Primaria. Fomos colanco imaxes e poesías nas columnas que suxeitan o teito. O resultado foi este:



3º TRIMESTRE

🚩 DÍA DO LIBRO

Este ano non se puido realizar o xa tradicional "Apadriña un lector/a", pero a cambio realizáronse outras actividades, respectando o protocolo, que resultaron igualmente satisfactorias.

O alumnado de sexto curso seleccionou unhas lecturas moi divertidas para lerllas ao

resto do colexio, en pequenos grupos (grupos burbulla).



Ademais, presentadores con gravata guiaron dous "Pasapalabra" edición especial "Día do Libro", un para infantil e outro para primaria.



Os nenos e nenas de 1º curso divertíronse moito posando para os seus "bookface".



✚ RADIO CURROS

As nenas e nenos de Educación Infantil do CEIP Curros de Celanova fixéronnos gozar cun programa especial co gallo da celebración das letras galegas 2021. Trátase dun poema escrito pola mestra Lucía, titora de 6º B, sobre a vida de Xela Arias.



✚ LETRAS GALEGAS

Escoitamos o programa de radio que gravaron os nenos e nenas de 6º de Educación Infantil sobre Xela Arias.

Elaboramos o **Libro das palabras galegas máis fermosas**, co que fixemos unha montaxe audiovisual que colgamos na nosa canle de YouTube.

A continuación..."O libriño das palabras galegas máis fermosas" feito por todo o colexio!



🇬🇧 SOMOS CONTACONTOS

Os/as colaboradores/as da biblio tamén participaron dramatizando contos.

Debido á situación sanitaria decidimos gravar as dramatizacións en vídeo e colgalas na nosa canle de Youtube.

Estas dramatizacións fóronlle remitidas á gardería municipal, á residencia de maiores San Carlos e ao Centro de Día.

Son as seguintes:

Bóla de manteiga de Ana Presunto e Iván Suárez e **La oruga impaciente** de Ross Burach, que aínda que o orixinal está en castelán,nós adaptámolo ao galego.

Con todos vós..."Bóla de manteiga".




Publicado por BiblioCurrosCelanova en 6:33 No hay comentarios: [M](#) [G](#) [+](#) [f](#) [@](#)

Etiquetas: Letras Galegas 2021

🚩 TEATRO DE TÍTERES

O alumnado de 4º de Primaria, dentro do plan dos Contratos Programa para acadar a excelencia educativa, participou cunha fermosa obra de monicreques titulada **O galo Quirico**.

A obra fíxose de xeito presencial respectando grupos burbulla, distancia, ventilación... Esta actuación serviunos como despedida deste curso tan excepcional que tivemos este último ano e pódese ver na nosa canle de YouTube.



AVALIACION DO PROXECTO DE ACTIVIDADES

En xeral a valoración do desenvolvemento do Proxecto de Actividades foi satisfactorio, a pesar da situación que nos tocou vivir.

Fixemos moitas actividades, case todas audiovisuais, que resultaron de grande interese xeral para os/as nenos/as. Acadamos plenamente os obxectivos propostos no noso proxecto, tanto a nivel de contorno como a nivel de profesorado, alumnado e centro.

A Dirección do centro colaborou en todo o que se lle pediu.

Houbo unha gran participación e traballo por parte de mestres/as e alumnos/as nas actividades propostas e da comunidade escolar en xeral. Os pais, nais e familias participaron principalmente nas festas tradicionais como o Samaín, o Magosto e o Entroido colaborando e implicándose moitísimo nas actividades dos nenos e nenas do colexio.

Tamén houbo colaboración co Concello, coa Fundación Curros Enríquez, co IES de Celanova e coa ANPA do colexio e tamén coa gardería e a residencia de maiores.

As propostas de actuación de mellora cara o vindeiro ano, centraranse principalmente en seguir aproveitando o uso das novas tecnoloxías e dos recursos audiovisuais, xa que resultan moi motivadores para o alumnado e estaremos abertos/as a todas as iniciativas que xurdan a principio de curso no noso Equipo, así como tamén no Equipo de Biblioteca e de Actividades complementarias e extraescolares.

Dende logo continuaremos coas actividades que por experiencia consideramos de interese entre a comunidade escolar.

Celanova, a 25 de xuño do 2021

M^a Elena Abadín Blanco

Coordinadora do Equipo de Dinamización Lingüística